

ASUNTO: INTRODUCIR FOTO EN LA APLICACIÓN

Unha vez que temos o equipo dado de alta, incorporamos aos deportistas e adestradores/responsables/delegados, picando primeiro no recadro de participantes que está na mesma liña que o equipo, para dar de alta aos deportistas picando en **NOVA ENTRADA** (se é novo) ou **VINCULAR PARTICIPANTES** (no caso de telo na base de datos por estar en outro deporte ou que participou en cursos anteriores).

Unha vez que se cubre toda a ficha debemos picar en **SUBIR FOTO**, abríndose unha xanela na que temos a opción de **EXAMINAR** (para buscar o arquivo onde temos as fotos). Unha vez teñamos na pantalla a foto, temos a opción de seleccionala cun rectángulo e recortala, polo que picaríamos en **RECORTAR** e logo **PECHAR**. No caso de non ter nese momento a foto daríamos á opción de **GRAVAR SEN FOTO**. Logo faríamos o mesmo pero abrindo a pestana de **RESPONSABLES**

Modificar foto ou subila aos deportistas que non teñan a foto:

O procedemento é o mesmo pero esta vez temos que entrar en **PARTICIPANTES**, pero da barra superior, buscamos ao deportista e picamos en **SUBIR FOTO**, seguindo os mesmos pasos que nas altas.